

**Acta núm. 15/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 10 de setembro de 2024.**

ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebal Gómez.
Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 10 de setembro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 14/2024, DO 05/08/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE.
- 8º) PRÓRROGA COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).
- 9º) DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRA MENOR.
- 10º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ACORDANDO A INCOACIÓN DE DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.
- 11º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 14/2024, DO 05/08/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 05.08.2024, acta núm. 14/2024.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ISOLINA TORREIRA CARBALLO, na que comunica que vai pintar de cor branca a fachada principal da vivenda sita na Avda. dos Ánxeles nº 5 – Brión.
A edificación (referencia catastral7148801NH2474N0001YJ) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,28 euros.

Total: 10,28 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RUBÉN MOURO SEAGE, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta, de 6 m. de longo x 3 m. de ancho, e unha profundidade de 1.20 metros, na Avda. de Noia nº 43 – Os Ánxeles. A piscina emprázase a carón da vivenda e aliñada coa fachada principal da mesma, quedando afastada 3 metros do peche frontal da parcela.

A parcela (referencia catastral 6647303NH2464N0001GD) na que se pretenden executar as obras, emprazase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A piscina situarase mínimo a 3 m. de todos os lindeiros.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESÚS LAFUENTE TABOADA, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta, de 12 m. de longo x 4 m. de ancho, e unha profundidade de 1.35 metros en Saíme de Abaixo s/n – Bastavales. O vaso da piscina afastarase a 5 m. do lindeiro particular oeste.

A parcela (referencia catastral 15013B505103430000MP) na que se pretenden executar as obras, está clasificada como solo rústico de protección agropecuaria (RC), e parte como solo rústico de protección de cauces (RR)

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 23.02.2024 (expte. DH.W15.97022), e dos informes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 30.07.2024 (expediente 2024/1461315) e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 319,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 383,97 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PABLO COSTAS SEOANE, na que comunica que vai cambiar as ventás da vivenda sita na Urbanización Hortensia nº 15, Os Ánxeles, substituíndo as existentes por outras de PVC en cor gris.

A parcela (referencia catastral 65501A2NH2465S0001MG) na que se pretenden executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3), e sitúase dentro da zona de policía do río Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 27.08.2024 (clave DH.W15.103578) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 102,36 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 166,93 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ URBANO VIDAL FERNÁNDEZ, na que comunica que vai facer obras na vivenda sita na Praza de San Antonio nº 4 – Os Ánxeles, consistentes en substituír dúas ventás de aluminio por outras novas de PVC, e substituír e ampliar unha porta de acceso, instalando unha de PVC cunhas dimensións de 2 m. x 90 cm.

A edificación (referencia catastral 6746205NH2464N0001HD) na que se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM, e situase na aldea do Alqueidón que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, e no contorno de varios elementos catalogados.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 29.07.2024 (expte. 1261/24) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpriranse as condicións recollidas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 29.07.2024 (expte. 1261/24).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,79 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 95,36 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA BALBINA BAAMEIRO GÓMEZ, na que comunica que vai facer obras de mellora na vivenda sita no lugar de Soigrex n° 25 – Os Anxeles, consistentes en:

- Rehabilitar a cuberta da vivenda recolocando e substituíndo a tella vella por tella nova.
- Reconstruír a cheminea existente.
- Actuar sobre a fachada principal da vivenda poñendo recercado con chapa de pedra que afecta a tres ventás e á porta de acceso, así como colocación dun zócalo de chapa en dita fachada.

A parcela (referencia catastral 6743607NH2464S0001SZ) na que se pretenden executar as obras asentase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Non se poderá alterar a configuración xeométrica, nin a estrutura portante das cubertas sobre as que se vai actuar.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 1 43/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 208,08 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 272,65 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER FERRO VILLEGAS, na que comunica que vai facer obras de limpeza e mantemento na cuberta da vivenda sita na Urbanización Monte Devesa n° 35 - Os Ánxeles, consistentes en aplicar líquido hidrófugo sobre a mesma e substituír as tellas en mal estado por outras novas.

A edificación (referencia catastral 6246155NH2464N0001XD) na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza n° 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por XESÚS PENA ESPÍÑA, na que comunica que vai facer obras de limpeza e mantemento na cuberta de tella cerámica da vivenda sita na Urbanización Monte Devesa n° 32 - Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6246156NH2464N0001ID) na que se van executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza n° 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,57 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO MANUEL SEÑORÍS CARBALLO, na que comunica que vai limpar a cuberta de tella da vivenda sita na Rúa da Fonte nº 6, Alqueidón – Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6645403NH2464N0001OD) na que se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2), e situase na aldea de Alqueidón, que está dentro do inventario de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave AE2, así como no contorno da Fonte do Alqueidón (clave: AI2), e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO CARCEDO CALVO, na que comunica que vai facer obras de mantemento na cuberta dunha vivenda de Soigrexo nº 38- Os Ánxeles, consistentes en substituír a tella vella por tella nova e impermeabilizar as limas, cumbreiras da cuberta e os encontros da mesma coas chemineas existentes.

A edificación (referencia catastral 6841302NH2464S0001YZ) na que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM: UC-1, e sitúase dentro da zona de policía do rego Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia de data 02.08.2024 (expediente DH.W15.103012), e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 102,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 166,57 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN RAMÓN LORENZO TABOADA, na que comunica que vai revestir con paneis metálicos de cor branco as dúas fachadas laterais da vivenda sita na Rúa Lameiras nº 22 – Brión.

A edificación (referencia catastral 6261529NH2464S0001XO) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 31,89 euros.

Total: 31,89 euros.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Rubén Fernández Rioboo, que di actuar en representación de SOLAR GALAICA, SC., na que comunica que vai instalar placas solares para autoconsumo nunha vivenda sita no lugar de O Cabo nº 28 – Os Ánxeles. As placas (12 módulos) instalaranse de xeito coplanario sobre os dous faldóns da vivenda, segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro Manuel Rubén Fernández Rioboo, e documentación complementaria presentada en data de 27.08.2024.

A parcela (referencia catastral 8242715NH2484S0000YT) onde se van realizar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 134,18 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 198,75 euros.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por IVÁN MÉNDEZ VAAMONDE, na que comunica que vai realizar varias obras en dúas parcelas agrupadas segundo a escritura

realizada ante o notario de Silleda don Manuel Barros Gallego, sitas no lugar de Bemil s/n – Bastavales, consistentes en:

- Construír un galpón para gardar apeiros de labranza na traseira e que afecta as dúas parcelas, cuhas dimensións de 10 metros de fronte x 5 metros de fondo (50 m² construídos), afastándose 4 metros do lindeiro norte e 6 metros do lindeiro leste. A cuberta resolveuse a dúas augas, apoiando a estrutura sobre os muros de carga que conforman o cerramento e o muro transversal que divide o espazo do galpón en dous. A altura no aleiro é de 3 metros, acadando a altura na cumbreira de 4,50 metros. Sobre a fachada principal incorpórase unha porta de entrada e unha pequena ventá.
- Construír un peche de parcela no linde oeste das parcelas e na parte frontal das mesmas, afastado a 4 metros do eixo do vial. Ambos peches executaranse con fábrica de bloque ata 1 m. de altura, arameira por enriba ata unha altura total de 1,80 metros, e postes de formigón intercalados cada seis metros. Sobre o peche frontal instalarase un portalón de acceso de 3 metros de ancho x 1,80 metros de altura.

A parcelas (referencias catastrais 110919NH2471S0001MB e 7110920NH2471S0001TB) emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A cuberta do galpón deberá de ser de tella cerámica curva, e os paramentos e peches deberán de quedar enfusados e pintados en cor branca.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 238,61 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 303,18 euros.

n) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUCÍA MOURIÑO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai colocar unha pérgola de estrutura metálica, arrimada a fachada traseira da edificación sita na Avda. dos Ánxeles nº 28 – Os Ánxeles, sen cubrir e sen invadir a vía pública.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral núm. 6546310NH2464N0001ID) atópase en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 59,39 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 123,96 euros.

ñ) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Marcos López Sánchez, que di actuar en representación de SEXTANTE TOPOGRAFÍA S.L, na que comunica que vai construír un acceso de 4 metros de lonxitude aproximadamente á parcela coa referencia catastral núm. 5867301NH2456N0000FL, no lugar de Igrexa – Brión.

A parcela onde se pretende executar a obra atópase emprazada, parte, dentro da delimitación de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Colocarase previamente tubos de formigón de 40 cms. de diámetro para a canalización de pluviais.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,71 euros.

o) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO BARREIRO MOURIÑO, na que comunica que vai instalar unha base de formigón sobre a cuneta que da fronte á parcela coa referencia catastral núm.5763703NH2456S0001FT, no lugar de Quintáns – Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), e sitúase dentro da zona de policía de dous regos.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia de data 27.08.2024 (expediente DH.W103127), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condicións:

- Colocarase previamente un tubo de formigón de 40 cms. de diámetro para a canalización de pluviais.
- As obras autorizadas tan só consisten en canalizar e cubrir a cuneta na fronte da súa parcela, debendo de manterse o estado e configuración do perfil da fronte da parcela nas mesmas condicións que ata o de agora.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,98 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,55 euros.

p) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICTORINO NADAL BUSTELO, na que comunica que vai instalar tubos de formigón na cuneta que da fronte a parcela coa referencia catastral núm. 9627106NH2492N0001EF, no lugar de A Telleira – Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condicións:

- A tubaxe de formigón terá mínimo 40 cms de diámetro, e un máximo de 5 m. de longo.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,57 euros.

q) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA VICTORIA VARELA RODRÍGUEZ, na que comunica que vai instalar unha piscina de poliéster descuberta, de 8 m. de longo x 4 m. de ancho, e unha profundidade de 1.45 metros, en Beca nº 11 – Bastavales.

A parcela (referencia catastral 9908402NH2490N0001TE) na que se pretenden executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A piscina afastarase mínimo a 3 m. de todos os lindes da parcela.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 127,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 191,57 euros.

r) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NOELIA GARRIDO BEADE, na que comunica que vai realizar as seguintes obras:

- Pavimentar parte da parcela privada colocando plaquetas de terrazo, detrás da edificación principal, e botar unha soleira de formigón no acceso á nave, segundo o plano que achega.
- Movemento de terras na parcela, de 1,50 metros de altura, segundo a sección transversal que achega, eliminando o socalco existente no medio da parcela.

A parcela onde se pretenden executar as obras (ref. catastral núm. 6531408NH2463S0001UR) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Guisande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como AE3.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 19.08.2024 (expte: 1589/24), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O recheo da parcela previsto na metade da parcela non suporá a aparición de desnivel con respecto as parcelas dos lindes.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 46,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 110,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita no lugar do Gundín nº 28 – Os Ánxeles, abrindo unha gabia de 14 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 20.03.2024.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 5242603NH2454S0001ZJ) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 19.07.2024 (expediente 1178/24) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 123,93 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,79 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 89,36 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita no lugar do Gronzo nº 3 – Brión, abrindo unha gabia de 13 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 03.06.2024.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 4752904NH2445S0001QU) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 22.07.2024 (clave DH.W15.102156), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 263,08 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 52,62 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 117,19 euros.

c) Deuse conta dunha instancia asinada por MARÍA REGUEIRO GRELA, na que solicita licenza para facer unha canalización de subministro de auga privada para dar servizo á vivenda sita en Gundín 21. A canalización tera unha lonxitude aproximada de 80 m., e discorrerá pola cuneta, sen afectar á vía pública.

A actuación emprázase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM e atopase dentro do contorno de protección dunha Casa tradicional, incluída no catálogo do PXOM coa clave identificativa (AE12,), e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera

caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 39,28 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 103,85 euros.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Alfredo Varela Nogueira, que di actuar en representación de PROMOCIONES BLANCO BARREIRO S.L., na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita en San Salvador - Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data 18.07.2024 (expte. 2403838).

Descrición da parcela de orixe:

Finca 218.

Referencia catastral: 7724117NH2472N0001EY.

Superficie: 3.258,40 m² segundo medición recente.

Lindes:

Norte: con camiño.

Sur: estrada da Esclavitude a Os Ánxeles.

Leste: camiño e Servizo Nacional de Concentración Parcelara (219).

Oeste: Servizo Nacional de Concentración Parcelaria (216 bis) e Benedicto Villar Blanco (217).

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións; parte en solo urbano adscrito a viais principais (1.683,52m²) séndolle de aplicación a ordenanza UC1, e parte en resto de solo urbano consolidado (1.574,88m²) séndolle de aplicación a ordenanza UC2; situada nun tramo urbano, linda coa estrada de titularidade autonómica AC-300.

Segregación pretendida:

Parcela 218-1:

Superficie bruta: 337,93 m².

Superficie neta: 316,95 m².

Superficie de cesión: 20,98 m² (a 4m do eixe do vial)

Lindes:

Norte: parcela de cesión ao Concello.

Sur: parcela 218-3.

Leste: parcela 218-2.

Oeste: parcela catastral 772412NH2472N0000AT.

Clasificación urbanística: solo urbano UC-2.

Parcela 218-2:

Superficie bruta: 381,11 m².

Superficie neta: 350,16 m².

Superficie de cesión: 30,95 m² (a 4m do eixe do vial)

Lindes:

Norte: parcela de cesión ao Concello.

Sur: parcela 218-3.

Leste: parcela de cesión ao Concello.

Oeste: parcela 218-1.

Clasificación urbanística: solo urbano UC-2.

Parcela 218-3:

Superficie bruta: 424,48 m².

Superficie neta: 411,35 m².

Superficie de cesión: 13,13 m² (a 4m do eixe do vial)

Lindes:

Norte: parcela 218-1.

Sur: parcela 218-4.

Leste: parcela de cesión ao Concello.

Oeste: parcela catastral 7724121NH2472N0000AT.

Clasificación urbanística: solo urbano UC-2.

Parcela 218-4:

Superficie bruta: 431,36 m².

Superficie neta: 417,31 m².

Superficie de cesión: 14,05 m² (a 4m do eixe do vial)

Lindes:

Norte: parcela 218-3.

Sur: parcela 218-5.

Leste: parcela de cesión ao Concello.

Oeste: parcelas catastrais 7724121NH2472N0000AT e 7724111NH2472N0001KY.

Clasificación urbanística: solo urbano UC-2.

Parcela 218-5:

Superficie bruta: 402,44 m².

Superficie neta: 390,09 m².

Superficie de cesión: 12,35 m² (a 4m do eixe do vial)

Lindes:

Norte: parcela 218-4.

Sur: parcela 218-6.

Leste: parcela de cesión ao Concello.

Oeste: parcela catastral 7724111NH2472N0001KY.

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Parcela 218-6:

Superficie bruta: 404,38 m².

Superficie neta: 395,82 m².

Superficie de cesión: 8,56 m² (a 4m do eixe do vial)

Lindes:

Norte: parcela 218-5.

Sur: parcela 218-7.

Leste: parcela de cesión ao Concello.

Oeste: parcela catastral 7724111NH2472N0001KY.

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Parcela 218-7:

Superficie bruta: 876,70 m².

Superficie neta: 876,70 m².

Superficie de cesión: 0,00 m².

Lindes:

Norte: parcela 218-6.

Sur: con estrada de Esclavitude a Os Ánxeles.

Leste: parcela catastral 7724116NH2472N0001JY.

Oeste: parcela catastral 7724111NH2472N0001KY.

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de data 02.07.2024 (Expt. nº IF205D/AC/2023/0192), e dos informes favorables

emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 20,98 m²., 30,95 m²., 13,13 m²., 14,05 m²., 12,35 m². e 8,56 m²., ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 451,99 euros.

Total: 451,99 euros.

QUINTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Javier Rivadulla Montaña, que di actuar en representación de LARA PATRICIA ALBERTI PULET e JUAN JOSÉ REDONDO SÁNCHEZ, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e reestruturación e demolición de edificación auxiliar, en Liñares 65 – Brión, segundo o proxecto de execución asinado pola sociedade Cid – Rivadulla arquitectos S.L.P, visado con data 03.05.2024 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e documentación complementaria visada con data 18.07.2024 (expt. 2402357).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 5852804NH2455S0001WA) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto de execución asinado pola sociedade Cid – Rivadulla arquitectos S.L.P, visado con data 03.05.2024 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e documentación complementaria visada con data 18.07.2024 (expt. 2402357).

- Como garantía da urbanización dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, que implica a pavimentación do fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración

de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.512,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 186,93 euros.

Total: 2.698,93 euros.

SIXTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Vicente Rivas Negreira, que di actuar en representación de VANESA LADO PAZOS, na que solicita a modificación da licenza para obras de conservación da vivenda unifamiliar situada en San Salvador 10, San Salvador, concedida pola Xunta de Goberno Local en data 04.07.2023, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.05.2023.

O motivo da solicitude é modificar a tipoloxía das obras, superando o carácter de obras mínimas e imprescindibles, en base ao proxecto básico e de execución de “Reformado de redistribución para mellora de habitabilidade de proxecto básico e de execución de reparación de vivenda unifamiliar catalogada e fora de ordenación” asinado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 12.04.2024 (expte. 2104509); no que se recolle a demolición do forxado de viguetas, a demolición da escaleira, a demolición de tabiques e a construción dun novo forxado, dunha nova escaleira en outra posición, e a construción de novos tabiques de división.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes desfavorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a modificación da licenza solicitada consonte cos informes técnico e xurídico que constan no expediente, dos que se achegará copia á interesada xunto coa notificación deste acordo.

SÉTIMO.- COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jaime Novoa Míguez, que di actuar en representación de NINA CASTRO DOMÍNGUEZ, na que comunica o inicio da actividade de Estudo de Fotografía, na Urb. Balneario do Tremo nº 3 – local 6, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 09.08.2022 tomou coñecemento e autorizou o uso dun local comercial destinado a "CROSS TRAINING", na Urbanización Balneario do Tremo núm.3, portal 6, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista da memoria de actividade asinada polo arquitecto Jaime Novoa Míguez en data 20.06.2024, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso do local para a actividade de Estudo de Fotografía, na Urb. Balneario do Tremo nº 3, local 6, Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas actividade: 184,28 euros.

Total: 184,28 euros.

OITAVO.- PRÓRROGA COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).

Deuse conta dunha instancia presentada por RAMÓN BLANCO FERNÁNDEZ, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras para arranxar a cobertura de tella cerámica curva da vivenda nº 15 do Gronzo – Brión.

Con data de 19.09.2023 a Xunta de Goberno Local autorizou ao interesado mediante o trámite de comunicación previa a executar obras de arranxo da cobertura de tella cerámica curva da vivenda nº 15 do Gronzo – Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses para o remate das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

NOVENO.- DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRA MENOR.

Deuse conta dunha instancia presentada por PEDRO ÓSCAR SANTAMARÍA ESTEPAR, na que comunica que vai construír unha edificación de carácter provisional, de uso recreativo privado, sobre a parcela nº 538 do polígono 505 (Os Ánxeles), nas inmediacións da aldea de Guisande, segundo a documentación técnica asinada polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede con data 24.08.2024.

Visto o informe desfavorable do arquitecto municipal do 03.09.2024, que sinala:

INFORME TÉCNICO:

Vista a solicitude e a documentación técnica redactada polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede asinada con data de 24.08.2024, onde se describen as obras que se pretenden realizar e, en relación co asunto examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Brión (PXOM) vixentes, compre informar o seguinte:

ANTECEDENTES.

1.- Preténdese construír unha edificación de "carácter provisional" de uso recreativo privado sobre a parcela nº 538 do polígono 505 (Os Ánxeles), nas inmediacións da aldea de Guisande.

2.- A parcela conta con dúas clasificacións urbanísticas, en parte e con fronte ao camiño público do lugar clasificada como solo de núcleo rural (SNR), e na traseira da mesma como

solo rústico e diferenciando dúas categorías; de protección agropecuaria (RC) e protección de cauces (RR).

3.- A edificación que se pretende instalar aséntase sobre o ámbito de solo de núcleo rural, a cal ten asignada a seguinte referencia catastral: 6632710NH2463S0001UR, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación na zona leste (Ordenanza 8: NRL-2).

AFECCIÓN SECTORIAL. AUGAS DE GALICIA.

1.- Puido comprobarse que a parcela, e concretamente o emprazamento da edificación proposto está afectado pola proximidade dun regato, polo que resulta preceptiva a autorización sectorial en materia de Augas (Aguas de Galicia).

2.- Non se aporta a preceptiva autorización sectorial, polo que debemos de advertir que a documentación está incompleta.

LEXISLACIÓN URBANÍSTICA: USOS PROVISIONAIS. NORMATIVA MUNICIPAL. USOS COMPATIBLES. TÍTULO HABILITANTE ESIXIBLE.

1.- PRIMEIRA CUESTIÓN: USO PROVISIONAL.

a.- A lexislación urbanística tan só contempla -e de xeito regrado- uso provisional en ámbitos/polígonos de solo urbano non consolidado, sectores de solo urbanizable ou en terreos afectados a sistemas xerais.

b.- En solo de núcleo rural, e dentro do réxime establecido pola vixente da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), non se contempla nin se permiten construcións ou edificacións, como é o caso, de carácter provisional, como establece ao respecto o artigo 89 LSG, a saber:

Artículo 89. Usos y obras provisionales.

1. No obstante la obligatoriedad de la observancia de los planes, podrán autorizarse usos y obras de carácter provisional en suelo urbano no consolidado, suelo urbanizable y terrenos afectados a sistemas generales en tanto no se inicie el procedimiento de gestión correspondiente, siempre que no estuvieran expresamente prohibidos por el planeamiento general ni por la legislación sectorial.

c.- En consecuencia co exposto, unha edificación de carácter provisional non ten cabida dentro desta clase de solo (SNR).

2.- SEGUNDA CUESTIÓN. USO TERCIARIO/USO RESIDENCIAL.

a.- Na memoria indícase que se pretende levantar unha construción de planta baixa e de 45,15 m2 construídos destinada a uso recreativo privado.

b.- O uso característico que establece a ordenanza de aplicación (Ordenanza nº 8/ NRL-2) é o de vivenda unifamiliar, contemplando unha serie de usos compatibles. Dentro dos mesmos faise referencia ao uso: socio-cultural e recreativo (*), con remisión expresa a **uso de carácter equipamental**; como os así encadrados dentro da ordenanza xeral de usos de carácter equipamentais: asistencial, sanitario, socio-cultural, etc...

c.- Debemos de aclarar respecto do exposto no parágrafo anterior que dentro das ordenanzas de carácter xeral, e concretamente no artigo 3.3: Condicións xerais de uso, defínense e clasifícanse os distintos usos a implantar:

Artigo 3.3, apartado 3). Clasificación de usos do solo e da edificación.

En razón da súa función, distínguense os seguintes usos:

- a) Residencial ou de vivenda.
- b) Industrial.
- c) Comercial.
- d) Oficinas.
- e) Hoteleiro e afíns.
- f) Salas de reunión e usos hosteleiros.
- g) Outros usos de carácter equipamental:**
 - Administrativo.
 - Sanitario.
 - Asistencial.
 - Escolar e docente.
 - Educativo e docente.
 - Socio-cultural.
 - Relixioso.
 - Deportivo.
 - **Recreativo.**
 - Residencial móbil (camping, etc.).
 - Servicios públicos.
 - Cemiterios.
- h) Garaxe-aparcamento e servizos do automóbil.
- i) Agropecuario.
- j) Usos extractivos.

O uso recreativo de carácter privado non se contempla dentro da normativa xeral de usos, nin se axusta ao previsto para este ámbito de solo.

d.- Examinado o contido do proxecto, observamos que o programa da edificación de carácter provisional que se propón erixir contempla a implantación ou creación unha serie de estancias (sala de TV, espazo de xogos), así como unha serie de espazos de servizos (cuarto de aseo, almacéns), propios do uso residencial, o cal ven regulado na Normativa de Habitabilidade de Galicia /Decreto 29/2010. En consecuencia, estamos ante unha edificación con un uso residencial.

TERCEIRA CUESTIÓN.TÍTULO HABILITANTE INADECUADO.

1.- En consecuencia do exposto no apartado 3 do título anterior, o título habilitante de natureza urbanística esixible no presente caso, e de acordo co establecido ao respecto polo artigo 142 da LSG e o artigo 360 do RLSG, é o de licenza, non sendo válido aos efectos o de comunicación previa, tendo que aportarse neste caso a documentación técnica regulamentariamente esixible e coas autorizacións sectoriais pertinentes (Augas de Galicia, neste caso).

INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE INEFICACIA. PROCEDEMENTO A SEGUIR. CONCLUSIÓN.

1.- Ante o aquí exposto e unha vez contrastado o contido da solicitude e tendo advertido unha serie de anomalías na documentación técnica presentada e incumprimento normativo de aplicación, e que:

- a) Toda vez que toda edificación de carácter provisional está prohibida pola lexislación urbanística (LSG) para esta clase de solo.

b) O uso tal e como se enuncia na documentación técnica asinada polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede: “recreativo privado” non ten amparo dentro da normativa xeral de usos, nin se axusta ao previsto polo PXOM para este ámbito de solo.

c) De acordo coa documentación gráfica e descritiva do citado documento, advírtese que o uso que se describe no programa da edificación e na propia planimetría é encadrable dentro do uso residencial, polo que o título habilitante de natureza urbanística conforme ao prescrito polo artigo 142 da LSG e o artigo 360 do RLSG é o de licenza, non sendo válido o de comunicación previa.

PROCEDEMENTO.

1.- A Lei 39/2015 no seu artigo 69 regula con carácter xeral a declaración de ineficacia da declaración responsable e comunicación, nos seguintes termos:

“4. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

2.- Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación”.

3.- Na normativa urbanística autonómica a tramitación da declaración de ineficacia da comunicación previa de obras atópase regulada no artigo 362 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, que establece que os casos de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á comunicación previa presentada, conlevan previa audiencia á persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada.

4.- Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, á Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, establecendo que o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Non constando regulación ou establecemento de prazo na normativa urbanística para ditar resolución expresa no procedemento de declaración de ineficacia. O prazo será de tres meses, contándose, nos procedementos iniciados de oficio, a partir do acordo de iniciación, concedendo trámite de audiencia antes da súa resolución.

CONCLUSIÓN. INICIO DE DECLARACIÓN DE INEFICACIA.

1.- Por todo o dito este técnico informa desfavorablemente a obra de construción dunha edificación provisional para uso recreativo privado no lugar de Guisande solicitada, debéndose iniciar o trámite de declaración de ineficacia polos motivos expostos no presente informe, nos que se constata que a comunicación previa non cumpre os requisitos esixidos na lexislación urbanística vixente para constituír título habilitante para a execución de ditas obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Iniciar o trámite para a declaración de ineficacia da comunicación previa para construír unha edificación de carácter provisional, de uso recreativo privado sobre a parcela nº 538 do polígono 505 (Os Ánxeles), nas inmediacións da aldea de Guisande.

2º) Advertir ao interesado de conformidade co disposto nos artigos 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 362 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que establecen que unha vez se comprobe a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, determinarase a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

3º) Conceder ao interesado un prazo de audiencia de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación correspondente a este acordo, a fin de que poida presentar as alegacións, xustificacións e documentos que estimen oportunos.

4º) Notificar este acordo ao interesado facéndolle constar que contra o inicio do trámite para a declaración de ineficacia da comunicación previa de execución de obras, por tratarse dun acto de trámite, non cabe en principio recurso ningún, sen prexuízo de que poda interpor os que estime oportunos.

DÉCIMO.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ACORDANDO A INCOACIÓN DE DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.

Dada conta da resolución de alcaldía do 08.08.2024, que transcrita di:

“RESOLUCIÓN.

ASUNTO:INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACION PREVIA OBRAS.

EXPEDIENTE: 2024/G003/000505

ANTECEDENTES:

Visto o informe do arquitecto municipal do Concello, 07.08.2024, que se reproduce a continuación:

“INFORME:

ASUNTO:COMUNICACIÓN PREVIA PARA A OBRA DE EXECUCIÓN DUN PARQUE EÓLICO, DENOMINADO P.E. OLERÓN, E QUE ABARCA AOS CONCELLO DE ROIS E BRIÓN.

SOLICITANTE:	NORVENTO, SL
EXPEDIENTE Nº:	2024/U026/000150
DATA DE ENTRADA:	29.07.2024.
ORZAMENTO NO CONCELLO DE BRIÓN:	4.123.544,35 €

ANTECEDENTES.

1.- Preténdese realizar as obras de construción dun parque eólico para un total de 6 aerogeneradores e cunha potencia nominal máxima de 4,5 MW, o que supón unha potencia instalada total de 27 MW.

2.- De acordo co documento técnico aportado e asinado polo enxeñeiro industrial Pablo María Fernández Castro (sen visado colexial), as principais características técnicas da obra civil resúmense a continuación:

- *Obra civil consistente en caminos de acceso a los aerogeneradores, torre meteorológica y subestación y edificio de control; cimentaciones y plataformas de aerogeneradores y torre meteorológica; y zanja de cableado.*
- *6 aerogeneradores Vestas V150-4.5 de 4.500 kW de potencia máxima unitaria, de 105 m de altura de buje y 150 m de diámetro de rotor.*
- *6 centros de transformación de 5.300 kVA de potencia unitaria y relación de transformación 30/0,72 kV, instalados unitariamente en el interior de la góndola.*
- *6 torres de aerogenerador con su correspondiente apartamento de seccionamiento, maniobra y protección.*
- *Línea de media tensión subterránea para evacuación de energía a 30 kV, de interconexión entre centros de transformación 0,72/30 kV y subestación transformadora 30/66 kV.*
- *Subestación transformadora 30/66 kV para evacuación de energía producida en el parque eólico, compuesta por un transformador principal 30/66 kV de 18/24 MVA ONAN/ONAF de potencia nominal, celdas de media tensión de 30 kV, transformador para servicios auxiliares 30/0,4 kV de 100 KVA de potencia nominal, apartamento de medida, protección, telemando y control.*
- *1 torre meteorológica autoportante de 105 m de altura, equipada con anemómetros, veletas, medidor de temperatura, medidor de presión y logger registrador.*

3.- O orzamento total do parque, emprazado entre os termos municipais de Rois e Brión ascende ao presuposto de execución material de 18.544.696,95 euros. Na separata presentada e asinada polo citado enxeñeiro industrial Pablo María Fernández Castro, o orzamento relativo á obra comprendida neste termo municipal é de 4.123.544,35 €.

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA E DATOS DE INTERESE.

1.- Os terreos afectados pola presente obra están clasificados polo PXOM de Brión como solo rústico de protección de Monte Alto (RMA); categoría que se corresponde coa categoría de solo rústico de especial protección forestal, e como tal se describe no artigo 34 da vixente lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2.- A presente obra; a totalidade da mesma, está afectada pola proximidade e afección dun elemento de interese cultural e integrado dentro do catálogo do vixente PXOM, e identificado coa clave XBR-3: "Capela de Santa Cecía". Afección Patrimonio Cultural, sendo preceptiva a autorización sectorial correspondente. Non se aporta.

3.- No relativo as obras consistentes en "camiños de acceso aos aerogeneradores", non se aclara nin se define ou describe si se trata de camiños de novo trazado ou se se trata de camiños existentes a consolidar. Significar e advertir ao respecto no relativo ás limitacións

reguladas ao respecto polo artigo 37 da lei 2/ 2016, de 11 de febreiro, do solo de Galicia: "limitación de apertura de camiños.

TITULO HABILITANTE PROCEDENTE: LICENZA URBANÍSTICA.

1.- De acordo co establecido ao respecto polo artigo 142 da lei 2/2026, de 11 de febreiro, do solo de Galicia o título habilitante para as obras aquí descritas, e tendo en conta a natureza e complexidade das mesmas, é o de licenza urbanística, non sendo válido no presente caso o de comunicación previa, que regula o artigo 146 desta mesma lei.

CONCLUSIÓN. DECLARACIÓN DE INEFICACIA.

1.- En consecuencia, compre iniciar expediente de declaración de ineficacia da comunicación previa presentada, por non ser o título habilitante legalmente esixible no presente caso.

DECLARACIÓN DE INEFICACIA.

PROCEDIMENTO A SEGUIR E REQUISITOS FORMAIS DA MESMA.

1.- A Lei 39/2015, no seu artigo 69 regula con carácter xeral a declaración de ineficacia da declaración responsable e comunicación, nos seguintes termos:

"4. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar."

2.- Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigaçión do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación".

3.- Na normativa urbanística autonómica a tramitación da declaración de ineficacia da comunicación previa de obras atópase regulada no artigo 362 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, que establece que os casos de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á comunicación previa presentada, conlevan previa audiencia á persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada.

4.- Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, á Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, establecendo que o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Non constando regulación ou establecemento de prazo na normativa urbanística para ditar resolución expresa no procedemento de declaración de ineficacia. O prazo será de tres meses, contándose, nos procedementos iniciados de oficio, a partir do acordo de iniciación, concedendo trámite de audiencia antes da súa resolución.

5.- Por todo o dito este técnico informa desfavorablemente a obra de construción do parque eólico a emprazar dentro deste termo municipal, debéndose iniciar o tramite de declaración de ineficacia polos motivos expostos no presente informe, nos que se constata que a comunicación previa no é o título habilitante de natureza urbanística procedente para a execución de ditas obras, e así esixido na lexislación urbanística.""

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Primeiro.- Incoar expediente para declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por Marta Fernández Castro en representación de NORVENTO S.L., en data 29 de agosto de 2024 (rex. entrada núm. 202499900001233), para a execución do parque eólico- denominado parque eólico Olerón, a emprazar de xeito conxunto nos termos municipais de Rois e Brión, ao non axustarse á lexislación aplicable, segundo informe técnico do 7 de agosto de 2024, incorporado ao expediente.

Segundo.- Conceder, conforme ao establecido no artigo 82.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, un prazo de dez días a contaren dende o seguinte ó da recepción da notificación da correspondente Resolución, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que se estimen pertinentes.

Terceiro.- Notificar a correspondente Resolución ao interesado, con expresión dos recursos pertinentes, tendo en conta que contra a incoación do presente expediente, por ser un acto de trámite, non cabe en principio recurso ordinario ningún, sen prexuízo da posibilidade de interpor ós recursos que estimen oportunos.

Cuarto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión ordinaria que se celebre.””

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Ratificar a resolución de alcaldía nos seus propios termos.

DÉCIMO PRIMEIRO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,35 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González